

Nome _____


Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

O **universo** está formado por todos os **astros** que existen, como as estrelas, os planetas, as galaxias, etc., e o espazo entre eles.

O **sistema solar** está formado por unha estrela (o Sol) e os planetas, os satélites, os planetas ananos, os cometas e os asteroides que xiran arredor del.

1 Observa o debuxo do sistema solar, debuxa e escribe o nome dos astros e contesta.



• Cal é a estrela do sistema solar? _____

• Son planetas do sistema solar todos os astros representados no debuxo?

• Que movementos realizan os planetas? _____

2 Explica a diferenza entre un asteroide e un cometa.


Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A Terra realiza dous movementos:

- O **movemento de rotación** é o xiro que realiza sobre si mesma. Tarda **24 horas** en dar unha volta completa.
- O **movemento de translación** é o desprazamento que realiza arredor do Sol. Tarda **365 días e unhas seis horas** en completar unha volta.

1 Observa o debuxo e responde.

- Que movemento da Terra representa?

- Canto tempo tarda en realizalo?

- A que dá lugar este movemento?

2 Responde as preguntas.

- Que outro movemento realiza a Terra? _____
- Canto tarda en realizalo? _____
- A que dá lugar este movemento? _____

3 Copia a afirmación correcta e corrixe a incorrecta no teu caderno.

No verán, os raios do Sol chegan á Terra máis inclinados ca no inverno e por iso vai máis calor.

Cando no hemisferio norte é inverno, no hemisferio sur é verán.
